
DOMINGO VILLAR
literaria
A PRAIA
DOS AFOGADOS
EDITORIAL GALAXIA

A PRAIA DOS AFOGADOS

l i t e r a r i a

1ª edición, abril 2009
1ª edición dixital Google, 2011

© DOMINGO VILLAR
c/o Guillermo Schavelzon & Asoc., Agencia Literaria
info@schavelzon.com

© pola edición dixital
EDITORIAL GALAXIA, S. A., 2009
Avenida de Madrid, 44 baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-894-1

Ilustración da capa
A partir dunha fotografía de Raniero Fernández

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

Domingo Villar

A PRAIA DOS AFOGADOS



Ao meu pai

Afogar. 1. Matar impedindo respirar, en particular somerxendo nun líquido. **2.** Dificultar seriamente a respiración, deixar sen alento. **3.** Facer cesar, matar. **4.** Morrer somerxido na auga, de maneira involuntaria. **5.** Sentir afogo, quedar sen alento.

O inspector Leo Caldas saíu do taxi e saltou por riba das pozas ata a beirarrúa. Entrou no vestíbulo do hospital, camiñou entre a xente que esperaba fronte aos ascensores e dirixiuse ás escaleiras. Subiu ata a segunda planta e avanzou por un corredor flanqueado por dúas ringleiras de portas pechadas. Detívose diante da correspondente ao número 211, entreabriuna e mirou ao interior. Tras dunha máscara verde, un home durmía sobre a cama máis próxima á fiestra. A televisión estaba acendida, sen voz, e a outra cama baleira e coas sabas dobradas sobre o colchón.

Consultou o reloxo, volveu pechar a porta e camiñou ata a sala das visitas, ao final do corredor. Unha anciá, cuxa roupa negra destacaba contra o branco da parede, alzou a vista cando Caldas asomou a cabeza, pero os seus ollos regresaron decepcionados ao chan despois de cruzarse cos do inspector.

Caldas virouse ao sentir pasos ás súas costas. O seu pai avanzaba apresuradamente polo corredor. Saudouno levantando unha man.

—Xa o viches? —preguntou o pai en voz baixa cando se atoparon ante a porta pechada.

—Desde aquí —contestou Leo—. Eu tamén chego tarde. Falaches cos cirurxiáns?

O pai asentiu:

—Pensan que non paga a pena operalo.

Ao entrar no cuarto, o pai do inspector sentou sobre a cama baleira, mirando o seu irmán co nariz engurrado nun xesto amargo. Leo Caldas quedou de pé.

Unha agulla vertía o contido de varios frascos no brazo escuálido do seu tío Alberte, cuxo peito se elevaba lentamente baixo a saba e logo caía con brusquidade, coma se cada exhalación fose un suspiro profundo. O gorgolexo da auga destilada que filtraba o osíxeno e o asubío do aire que a máscara deixaba escapar polos lados afogaban o rumor da choiva.

Leo Caldas atravesou o cuarto ata a fiestra. Apartou a cortina e, a través do cristal dobre, contemplou as luces vermellas e amarelas dos coches e a procesión de paraugas das beirarrúas da cidade de Vigo.

Volveuse alertado polo asubío da máscara que o seu tío apartara da boca para poder falar.

—Segue a chover? —preguntou cun fío de voz antes de colocarse de novo o ventilador.

Leo asentiu, sorriu levemente sen separar os beizos e acenou coa cabeza cara ao seu pai, sinalándollo. O enfermo quixo retirar a máscara outra vez ao ver o seu irmán, pero este non llo permitiu:

—Anda, deixa estar iso. Como estás?

O tío de Leo Caldas abaneou a man e levouna ao peito dando a entender que lle doía.

—É normal que aínda moleste —dixo o seu irmán.

Tras un momento de silencio, o tío mirou o inspector e sinalou o aparello de radio que descansaba sobre a mesa.

—Di que te escoita —aclaroulle o pai.

—Xa.

O tío asentiu e levantou o polgar.

—Di que lle gusta —volveu traducir o pai.

—Xa, xa —dixo Caldas. E logo apuntou co dedo cara á televisión muda que emitía un informativo: —Creo que é máis entretida a tele.

O tío negou coa cabeza e levantou novamente o polgar cara á radio.

—Di que o teu programa é mellor ca a tele.

—De verdade pensas que non o entendo? —retrucoulle Leo Caldas ao seu pai—. Ademais, non é o meu programa. Eu só falo algunhas veces.

O pai mirou o seu irmán, cos ollos sorrindo tras a máscara, e Caldas contemplou fascinado como comezaban a falar sen necesidade de palabras, movendo os músculos do rostro, comunicándose na linguaxe que conservan os que teñen na infancia un idioma común.

A entrada dun médico no cuarto arrincou ao enfermo un xesto de desconformidade.

—Alberte, como vai? —preguntou o médico, que recibiu por toda resposta o abalo dunha man.

O doutor descubriu a saba e palpou varios puntos no abdome do enfermo que, no refuxio de plástico verde que lle aireaba os pulmóns, desencaixaba o seu rostro con cada presión.

—Nun mes está vostede novo —dixo ao concluír o exame e, tras chiscarlle un ollo ao pai de Leo Caldas, abriu a porta e abandonou o cuarto.

Os tres homes permaneceron nun silencio incómodo ata que o tío Alberte, cun aceno, lle pediu ao seu irmán

que se achegase. O pai do inspector arrimouse ao bordo da cama e o seu irmán retirou do seu rostro a máscara, que comezou a soprar con forza.

—Faríasme un último favor? —preguntou con voz fatigada.

O pai cruzou unha mirada con Leo.

—Claro.

—Aínda conservas o teu libro de idiotas?

—Como?

—Consérvalo ou non? —insistiu o enfermo, esforzándose por elevar a voz sobre o soprido do osíxeno.

—Si, creo que si.

—Pois apunta a ese médico —dixo, e sinalou cun dedo esquelético a porta pola que saíra o doutor.

Logo colocou a máscara sobre o nariz e a boca durante uns instantes para despois retirala e volver bisbar:

—É o doutor Escarpa. Recordaralo?

O pai de Leo Caldas asentiu e apertoulle suavemente o brazo, e o irmán, ao sorrir, engurrou o rostro arredor do plástico verde que lle cubría a boca.

Cando quedou durmido reanudáronse o gorgolexo da auga destilada e o brusco vaivén da súa respiración.

Ao saír do hospital, o inspector acendeu un cigarro e o seu pai abriu un paraugas.

—Collemos os dous —dixo.

Leo arrimouse a el e botaron a andar cara ao aparcadoiro entre o recital de bucinas dos condutores exasperados polo atasco.

—Tes un libro de idiotas?

—Non o sabías? —contestoulle o pai sen miralo, e Caldas advertiu que tiña os ollos vidrosos.

Sorprendeuse, pois aínda que tras a morte da súa nai o rumor do seu choro acompañárao moitas noites, nunca derramara unha bágoa cando el estaba presente. Decidiu atrasarse uns pasos a pesar da choiva para permitir que o seu pai aliviase a súa pena sen pudor.

No aparcadoiro, antes de entrar no coche, o pai preguntou:

—Déixote nalgún sitio, Leo?

—Ti a onde vas?

—Á casa. Alí non hai ruído.

—Vas visitar o tío Alberte mañá?

—Pola tarde —asentiu o pai—. Despois de comer.

Leo Caldas pensou que podería coller libre a mañá se avisaba o comisario a primeira hora. Con sorte, chegaría tarde á radio e o fachendoso de Losada tería que apañarse sen el.

—Entón acompáñote e tráesme cando veñas.

O pai quedou mirando para el.

—Vas durmir na miña casa?

—Se me invitas —dixo Leo.

—Mañá non tes que traballar?

Leo Caldas encolleu os ombreiros, deulle unha calada rápida ao cigarro, tirouno ao chan e entrou no coche.

Rescaldo. 1. Brasa pequena que se conserva entre a cinza despois de arder algo. **2.** Resto que queda dunha cousa, en especial dun sentimento.

Ás veces, nos meses de desalento que seguiron á morte da súa muller, o pai de Leo Caldas visitaba a antiga casa familiar que ela habitara de nena. Estaba en ruínas, e apenas mantiña algúns dos muros de pedra do seu esqueleto. Só a adega anexa á casa resistira os anos de abandono. Afundida na terra para evitar cambios bruscos de temperatura, aínda conservaba no interior varias cubas, unha vella prensa de madeira, unha embotelladora de man e outras ferramentas rudimentarias. Paseando pola leira, polos socalcos que descendían coma un anfiteatro ata o río Miño, o pai do inspector atopara un bálsamo para o seu abatemento, un alivio que a cidade lle negaba.

Un mes de outubro, vendo as uvas madurar na viña ata podrecer e estimulado pola idea de pasar máis tempo naquel lugar, propúxose volver elaborar viño na vella adega. Así, tras varios meses de lecturas e asesoramento, comezou a cultivar unha porción de terreo reducida, a máis próxima á casa.

Coa escusa de atender a viña, todos os sábados e domingos madrugaban para desprazarse en coche ata alí. Case cincuenta quilómetros de viaxe por estradas sinuosas que o estómago do pequeno Leo lles obrigaba a percorrer por etapas e coas ventás abertas.

Durante as fins de semana de marzo desbravaron o terreo, e nas de abril e maio arrincaron as cepas inservibles. No verán, aproveitando as vacacións e os días máis longos, colocaron os postes e os fíos de arame que guiarían as cepas sas e as que haberían plantar tras a vendima, no inverno.

Os primeiros anos, mentres ampliaba o cultivo, o pai de Leo Caldas vendera o viño a granel ou o repartira entre os seus coñecidos. Logo, cando as cepas novas comezaron a dar froitos, investiu os seus aforros en mellorar a adega para poder embotellalo alí mesmo e vendelo etiquetado. Pronto recuperou o investido, pois o seu viño ía adquirindo sona e, aínda que os litros aumentaban en cada vendima, vendía sen esforzo todas as colleitas.

Axiña que tivo idade para quedar só na casa, Leo abandonou a penitencia das curvas e deixou de acompañalo á leira. Cando o fillo marchou á universidade, o pai abandonou definitivamente o seu traballo en Vigo e instalouse na antiga casa familiar da muller, que fora restaurando aos poucos.

As terras que apareceran como un acougo para o seu desánimo convertéranse nun negocio próspero, e as noites de laios pasaron a ser só unha sombra na memoria.

O mesmo viño que afundira a tantos homes salvárao.

Durante o traxecto ata a casa do pai apenas falaron. Aínda que algunhas curvas foran suavizadas polas estradas modernas, Leo Caldas abriu lixeiramente a ventá e pechou os ollos ao sentar no coche. Mantívose afundido no asento, inmóbil malia que algunhas pingas de choiva se coaron pola fenda do vidro e estalaron no seu rostro.

Ao lado, o pai agarraba o volante cunha man e levaba a outra á boca, apertando as uñas cos dentes, sen chegar a crebalas, co pensamento viaxando da nenez ao cuarto do hospital.

Cando chegaron, Leo Caldas saíu do coche para abrir o portón e agardou baixo a choiva ata que o pai franqueou a entrada. Ao volver subir no vehículo, mentres percorrían o camiño ata a casa, pareceulle ver unha sombra que se movía tras eles. Pola xanela posterior, entre os sucos que deixaba a choiva, albiscou un animal que os seguía á carreira.

—Tes un can? —preguntou Caldas, estrañado.

—Non.

—Non é teu? —insistiu, sinalando cara atrás.

O pai de Caldas mirou durante un instante polo espello retrovisor.

—Non —confirmou—, non é meu.

Desde que baixaron do coche ata que chegaron á porta da casa, o can acompañounos sen deixar de brincar ao redor do pai de Leo Caldas. Ladraba, saltaba e saía disparado baixo a choiva en calquera dirección para virar en redondo aos poucos metros e regresar ás carreiras, ladrando de entusiasmo, movendo o rabo coma un látego e tratando de lamber as mans, a cara ou a parte do corpo que o pai do inspector tivese a ben ofrecerlle.

—Mira como me deixou —lamentouse o pai ao entrar na casa.

Subiu pola escaleira cara ao seu dormitorio sacudindo os pantalóns e a camisa que as patas daquel animal

encheran de restos escuros de terra mollada. Caldas esperou abaixo.

—Menos mal que non é teu —murmurou.

Rodeando a mesa do comedor, o inspector achegouse ao salón e sentou no sofá, fronte á lareira que aínda conservaba cinza e rescaldos dun lume recente. Ao carón da mesa baixa, xunto a un feixe de xornais vellos, había unha cesta chea de leña.

O pai mudara de roupa cando baixou.

—Déixoche algo seco?

—Mañá, se acaso. Prefiro secarme ao lume. Podo? —preguntou, sinalando a leña.

—Se sabes acendela… —dixo o pai con desdén antes de marchar cara á cociña.

Leo Caldas deu un suspiro e achegouse á lareira. Colleu dous toros grosos de piñeiro da cesta e púxoos no lar. Engurrou algunhas follas de xornal, meteunas entre os troncos, e colocou enriba dos papeis varias piñas e paus de videira que partiu en anacos pequenos. Buscou no peto o paquete de tabaco e o acendedor, e prendeu os xornais coa mesma chama que achegou ao cigarro. Cando as piñas comezaron a arder, sentou no sofá a fumar fronte ao lume.

O pai volveu ao salón e traía na man unha botella de viño branco sen etiquetar. Tras abrila co sacarrollas de parede, deixouna sobre a mesa baixa e foi buscar dúas copas á lacena.

—É da nova colleita —dixo, mentres enchía as copas dun viño aínda turbio—. A ver que che parece.

Leo Caldas deixou o cigarro no cinceiro e afundiu o nariz na copa. O pai imitou o seu xesto.

—Aínda ten que clarificar, pero de aroma está ben —apuntou.

—Xa.

—Que che parece, Leo?

O inspector levou a copa aos beizos e, antes de envialo, saboreouno durante uns segundos.

—Que opinas? —insistiu o pai, que esperaba de pé o veredicto do seu fillo.

Leo Caldas asentiu varias veces e baleirou o resto da copa dun grolo.

Abriron outra botella de viño do ano anterior e requentaron dúas cuncas do caldo que o pai do inspector gardaba na neveira. De sobremesa, queixo do país co marmelo que María elaboraba na súa casa.

Cando remataron a cea e recolleron os pratos, Leo Caldas trasladou á mesa baixa a botella e as copas. Encheunas de novo e sentou no sofá, fronte ao lume, para o que podía estar mirando durante horas. O pai achegouse á librería e estivo varios minutos rebuscando nos estantes, maldicindo polo baixo ata que atopou un caderno pequeno apoiado contra a parede. Tiña as tapas de cartón tan gastadas que era imposible adiviñarlle a cor orixinal. Recolleu a súa copa e foi sentar á mesa do comedor. Alí permaneceu varios minutos pasando as páxinas do caderno.

Cando Leo se incorporou para servirse máis viño, preguntou:

—Ese é o libro de idiotas?

O pai asentiu.

—Non sei como se acordou del o teu tío. Hai anos que non o abría —dixo, mentres pasaba as follas cheas de nomes, de anacos de vida asociados a cada un deles.

Logo botou man dun bolígrafo e deixou aberto o caderno pola páxina onde figuraba a última anotación.

—Dixo doutor Escarpa, non si?

—Si —confirmou o inspector, e ao volverse cara ao pai atopou aqueles ollos brillantes que non coñecía.

Leo Caldas deitouse no sofá e alí quedou o resto da noite, sen levantar a vista do lume para que o seu pai puidese chorar cada vaso de viño que bebía.

Pendente. 1. Que está por resolver ou sen rematar. **2.** Que pende ou está suspenso. **3.** Inclinación ou declive dun terreo. **4.** Adorno que se coloca na orella.

Pola mañá, Leo Caldas tomou prestada unha muda do armario do pai, duchouse e saíu ao patio que separaba a casa da adega. O outono dera unha tregua logo de varias semanas de choiva e, aínda que as nubes ocultaban o sol, o día sen vento amencía apracible e luminoso.

Achegouse ao arriate, colleu unha rama de herba luísa, esfregou os dedos con ela e levounos ao nariz aspirando profundamente o aroma impregnado neles.

—Xa sei que lle gustou o caldo —dixo unha voz ás súas costas.

María, a muller que ía polas mañás á casa do seu pai para limpar e preparar a comida, estaba varrendo as follas avermelladas que o liquidámbar perdera durante a noite.

—Moito, María, moito —contestou Leo Caldas.

—O truco é escumalo ben —confesou ela, sen deixar de varrer. Logo, pretendendo devolverlle o eloxio, engadiu: —A min tamén me gusta moito o seu programa. Non perdemos unha emisión de *Patrulla nas ondas*.

O inspector preguntouse como era posible que alí tamén puidesen escoitar o seu programa de radio. E logo non era Onda Vigo unha emisora local?

Deulle as grazas e cambiou de tema:

—Viu o meu pai?

—Ía cara abaixo, co can —explicou, e sinalou a través da bodega, en dirección ao río—. Non vai almorzar? Ten café quente no termo.

—Igual máis tarde… —dixo Caldas saíndo do patio.

Camiñou arredor da casa e dirixiuse ao miradoiro. Apoiou os cóbados na varanda de pedra e contemplou as sete hectáreas de viñedo en pendente que descendían en bancais ata o río.

Viu o tractor parado no camiño, uns centos de metros máis abaixo, xunto a un dos socalcos da dereita, e distinguiu varias persoas entre as cepas. Recordou que o seu pai lle contara durante a cea que xa empezaran a podar.

Acendeu un cigarro e permaneceu apoiado na varanda despuntando do sosego do campo. Ía chamar á comisaría para avisar de que non acudiría ata a tarde, cando o timbre agudo do seu teléfono comezou a soar. Caldas leu na pantalla o nome do seu axudante e descolgou.

—Está de camiño para aquí, xefe? —preguntou Rafael Estévez a modo de saúdo.

—Pasa algo?

—Fai media hora que nos chamaron desde o porto de Panxón. Disque apareceu o cadáver dun home flotando na auga.

—Un mariñeiro?

—Como quere que o saiba, inspector?

O aragonés estaba en plena forma desde primeira hora.

—Tiñamos noticia dalgún desaparecido? —preguntou Caldas, sabendo que ás veces pasaban varias xornadas ata que o mar devolvía os corpos dos afogados.

—Que eu saiba, non.

—Xa.

—Quere dicirme canto vai tardar? —preguntou coa súa impaciencia habitual o axudante de Leo Caldas—. O xuíz saíu para alí hai dez minutos, e o forense xa chamou preguntando se podemos recollelo de camiño.

Caldas confirmou no seu reloxo que aquel luns a animación comezara demasiado cedo e alegrouse de se atopar lonxe da cidade.

—Pois pasa a buscalo.

—E vostede?

—Ata esta tarde non vou poder estar aí.

—Cre que non vai poder ou sábeo con certeza?

—Non empeces. Agora mesmo ía chamar para avisarvos.

Estévez despediuse cun gruñido e o inspector pensou en telefonar o comisario para advertilo da súa ausencia esa mañá e pedirlle que lle asignase un acompañante a Estévez. Antes de marcar abandonou a idea. Á fin e ao cabo, só se trataba dun afogado.

Baixou polo camiño que serpeaba atravesando o viñedo como unha cicatriz ata a beira do río. As cepas situadas na parte máis alta aínda esperaban para ser podadas, mais o outono avanzado xa se encargara de espilas e só unhas poucas pólas conservaban algunha folla lánguida.

Detívose á altura do tractor, observando en silencio como os podadores escollían cinco ou seis varas de cada cepa e as ataban aos arames. Elixían aquelas que tiñan varias xemas, onde aparecerían abrochos na primavera, e cortaban as demais. Logo, antes de pasar ao seguinte socalco, recollerían no tractor os paus que puidesen servir como leña e deixarían apodrentar o resto no chan.

Salvo que os vimbios cos que axudara o seu pai a suxeitar as primeiras varas foran substituídos por lazos de plástico, nada máis parecía ter cambiado desde entón.

Uns metros máis abaixo apareceu no camiño o can acastañado que os recibira a noite anterior, e de alí a pouco xurdiu da mesma liña de vides a silueta do pai de Leo Caldas. Levaba unhas tesoiras de podar na man e a humidade da mañá brillando nas botas de plástico.

Leo saíulle ao encontro.

—Hai botas no almacén —dixo o pai, mirando os zapatos do seu fillo.

Leo Caldas encolleuse de ombreiros.

—Non vou saír do camiño.

—Como queiras. Coñeces a plantación nova? —preguntoulle o pai, estendendo un brazo cara ao río.

Leo coñecíaa, pero contestou que non e botaron a andar cara alí. O can, cos fociños afundidos no chan, adiantóuselles corricando entre o viñedo. Cada certo tempo vían aparecer no camiño a súa cabeza castaña. Mantíñaa ergueita un intre e logo, cando comprobaba que eles continuaban adiante, volvía ao seu trote distraído.

—Como se chama? —preguntou o inspector sinalando o can unha das veces en que asomou.

—Non o sei. Non é meu —contestoulle o pai sen deixar de camiñar.

Seguiron baixando polo camiño que, ao chegar á parte inferior do viñedo, facía un ángulo cara á dereita, paralelo ao leito do río. A ambos os dous lados estendíanse varias fileiras de postes brancos unidos por tres fíos de arames. Ao pé de cada estaca asomaba unha nova vide.

O pai explicoulle que necesitaran unha pa escavadora para nivelar o terreo e que decidira ampliar a distancia entre as vides para que o tractor puidese manobrar con facilidade. O inspector escoitou en silencio, asentindo coma se fose a primeira vez que oía contar todo aquilo.

Cando o seu pai se detivo a atar a un poste a vara solta dunha cepa, Leo atravesou as fileiras da plantación e foi asomarse ao río que corría varios metros baixo os seus pés.

No treito que discorría fronte ao viñedo abundaban os remuíños. Lembraba que, para bañarse, era necesario camiñar media hora río arriba, ata a retorta que remansaba a auga nunha praia fluvial. Partían despois de comer e regresaban andando ao anoitecer. Na nenez, os días parecían máis longos.

Mirando a auga e oíndo o rumor da corrente, pensou na chamada de Rafael Estévez e no home arrastrado polo mar. Recordaba a noite en que a farmacéutica afogara nos rápidos. Mentres el agardaba no coche, o seu pai acompañara os gardas que percorrían a beira removendo a auga cunhas varas de madeira. Logo, o seu pai e mais el regresaran a durmir a Vigo, e os gardas continuaron a busca río abaixo.

O corpo da farmacéutica tardou tres días en aparecer. Atopárono uns pescadores de lamprea a oito quilómetros do lugar en que caera á auga.

Anos máis tarde, o inspector soubo que ela mesma se botara ao río, e que non sabía nadar. Con todo, durante meses, a farmacéutica nadara xunto a el nos seus pesadelos infantís, suplicándolle que a socorrese no medio dunha corrente que sempre terminaba por engulila.

Cando a angustia o espertaba, Leo aparecía cuberto de suor, tan mollado coma se realmente se mergullase no río.

Consultou o seu reloxo. Rafael Estévez estaría a piques de chegar á praia de Panxón. Confiaba en non recibir máis noticias del ata a tarde, cando estivese de volta na comisaría.

O seu pai achegóuselle e xuntos contemplaron como baixaban as follas e as ramas que a corrente transportaba a gran velocidade pola superficie do río.

—Tiñas que poñer as botas.

—Debín —concedeu Caldas, sen deixar de mirar para a auga.

—Almorzaches? —preguntou o pai logo duns segundos.

Cando Leo negou cun xesto, propuxo:

—Queres subir e tomar un café?

Cando botaron a camiñar cara á casa, o pai lamentouse:

—Non sei como non se me ocorreu plantar antes nesta zona.

—Non pensabas que a terra areenta non favorece a viña?

—Pois xa verás como estas cepas han dar un viño estupendo. Non nesta vendima, claro, nin na próxima, pero en cinco anos estará saíndo delas o mellor mosto do viñedo. E, se teño razón, plantarei alí tamén —dixo, sinalando unha leira erma ao outro lado do camiño.

—Cinco anos?

—Cinco ou seis... Cando as viñas medren.

—Non é demasiado tempo?

—Os prazos non os marco eu. É o que tarda a viña en madurar.

—Xa o sei —dixo o inspector—. Referíame a se non pensas xubilarte antes.

—Xubilarme? Para que?

Leo Caldas encolleu os ombreiros.

—Podías facer calquera cousa…

—Isto non che parece abondo? —o pai estendeu os brazos cara ás ladeiras poboadas de cepas que o camiño dividía en dous—. Á miña idade, o único xeito de estar tranquilo, de non lle dar demasiadas voltas á cabeza, é manter a mente ocupada en algo. O outro é sentarse a mirar como o tempo pasa e fai o seu traballo, resignarse a vivir a vida a través dos outros.

Leo Caldas quedou calado. Pesáballe ter falado de máis. Porén, o pai engadiu cun sorriso:

—Ademais, os xubilados non teñen vacacións.

Na cociña, o pai serviu dúas cuncas de café do termo. Engadiu unhas pingas de leite e azucre a unha delas e alargoulle a outra.

—Saímos? —preguntou, sinalando a porta.

No patio cruzáronse con María, que volvía á casa coa vasoira na man.

—María non perde *Patrulla nas ondas* —informouno o pai.

—Si, si, xa me contou —respondeu Caldas torcendo a boca nun aceno que pretendía ser un sorriso.

Bordearon a casa e foron apoiarse na varanda de pedra do miradoiro. O pai ía comentar algo cando o timbre do teléfono móbil do inspector comezou a soar, e Leo

Caldas suspirou profundamente ao ler o nome de Rafael Estévez na pantalla.

—Traballo? —interesouse o pai.

—O meu axudante —confirmou Leo Caldas, separándose uns metros e buscando o tabaco no peto antes de contestar.

—Como foi todo? —preguntou, sostendo un cigarro entre os dentes ao que lle achegou a chama do acendedor.

—Aínda estou no porto este.

—Co afogado?

—Parece que o axudaron a afogar.

—E logo?

—Ten as mans atadas.

Con certa frecuencia, os suicidas que se lanzaban á auga ataban as mans ou os pés para ter a seguridade de que se cumpriría o seu propósito.

—Puido facelo el mesmo —apuntou Leo Caldas.

—Non, inspector. Non me pregunte por que, pero o forense cre que ese home nin se suicidou nin morreu pescando troitas.

—Troitas no mar hai poucas —dixo Caldas lacónico.

—Vostede xa me entende.

—Xa.

Leo deulle unha calada ao cigarro coa sensación de que se ía arrepentir de non acompañar o seu axudante.

—Xa sabedes quen era?

—Un home da vila. Un mariñeiro de Panxón. Van trasladar o corpo a Vigo para identificalo e facerlle a autopsia. Tamén vai achegarse ata aquí alguén da UIDC, por se houbese rastros.

—Ninguén o recoñeceu?

—Con seguridade, non. Xa sabe como é esta xente —comentou Rafael Estévez, quen, tras varios meses do seu traslado a Galicia, aínda non lograba afacerse á ambigüidade con que adoito se expresaban os seus novos veciños.

—A ver se consegues que cho confirmen —dixo, e coñecendo a paixón coa que o seu axudante acometía o seu traballo, preferiu engadir: —Pero con tacto, Rafa. Non quero leas.

—Por iso non se preocupe, inspector. Déixeme a min —dixo o axudante antes de colgar, nun ton que estaba lonxe de soar tranquilizador.

Leo Caldas volveu onda o seu pai e recolleu a cunca de café que apoiara na varanda.

—Vaise afacendo a isto o teu axudante?

Caldas deulle un sorbo ao café:

—Non creo que chegue a afacerse nunca de todo.

O pai brandiu o seu bolígrafo debuxando trazos imaxinarios no aire.

—Queres que o apunte no meu libro? —preguntou, coma se non existise un castigo máis cruel.

Como Leo Caldas non contestaba, engadiu:

—Sempre o podemos borrar máis adiante. Non sería o primeiro que tacho.

—É igual —dixo o inspector, e o seu pai percibiu no seu rostro un rastro de preocupación.

—Sucede algo, Leo?

—Un cliente —respondeu, e chascou a lingua.

—Asasinado?

—Podería ser —dixo Caldas.

—Prefires que volvamos a Vigo agora? —ofreceuse.

—Non te preocupes —respondeu Caldas, consciente do pouco que lle chistaba ao seu pai pasar máis tempo do imprescindible na cidade.

—Talvez podería ver o teu tío esta mesma mañá.

—Non fai falta, de verdade.

—A min case que me viría mellor, Leo —insistiu o pai—. Teño cousas que facer aquí pola tarde.

—De acordo entón —contestou agradecido, sabendo que o seu pai mentía.

Mentres o inspector remataba o cigarro, quedaron ollando desde o alto o desfile de postes brancos aos que se suxeitaban as videiras.

—É bonito, verdade? —dixo o pai con aire orgulloso.

—Si —murmurou Caldas—, e iso que o outono non lle senta ben á vide.

O pai recolleu as dúas cuncas baleiras e dirixiuse á casa, Leo escoitouno preguntarse en voz alta:

—E a quen lle senta ben o outono?

Abordar. 1. Chocar unha embarcación contra outra. **2.** Chegar unha embarcación a porto, a un peirao. **3.** Acercarse, dirixirse a alguén con algún fin. **4.** Comezar un asunto. **5.** Facer fronte a unha dificultade ou perigo.

Pouco antes de chegar á comisaría, Leo Caldas saíu do automóbil cun pretexto absurdo aproveitando un semáforo vermello. Aqueles non eran días fáciles para o seu pai e, vendo o coche perderse entre o tráfico da cidade de Vigo, o inspector arrepentiuse de marchar tan apresuradamente.

Ao pouco de partir da casa do pai intercambiaran algunhas frases, todas referidas ao seu tío, lamentando a enfermidade que o consumía por dentro e que o obrigaba a pedirlle o aire prestado a unha máquina. Fixeron o resto do traxecto en silencio. Leo cos ollos pechados, o pai coa vista na estrada e a mente no hospital.

Foi xa na cidade, mentres baixaban polas rúas en pendente cara á comisaría, cando o pai se interesou por Alba. Para poñerlle fin á conversa, Leo Caldas contoulle que non sabía nada novo, que non tiña noticias dela desde había varios meses. Con todo, pese ás evasivas do fillo, o pai seguiu preguntando unha e outra vez. Por que insistía sempre en abordar as cuestións máis incómodas no último momento? Se o propósito era prolongar os seus encontros, xa debería estar escarmentado. Aquelas preguntas molestas de última hora só lograban precipitar as súas despedidas e deixalos a ambos cun resaibo amargo.

Caldas entrou na comisaría e camiñou ata o fondo da sala entre as dúas fileiras de mesas. Abriu a porta de cristal ao ácido do seu despacho, colgou o impermeable e deixouse caer na butaca negra.

Coa mirada perdida na morea de papeis amontoados enriba da súa mesa, continuou pensando no seu pai ata que o comisario Soto entrou devolvéndoo á realidade.

—Que tal en Panxón?

—Non tiven tempo de ir, comisario. Estévez está ocupándose do tema.

—Mandaches a Estévez só a un levantamento? —preguntou o comisario Soto.

Ante o silencio de Caldas, o comisario moveu a cabeza dun lado a outro nun xesto de incredulidade e marchou rosmando.

Caldas descolgou o teléfono, marcou o número de Olga e pediulle que mandase a Estévez ao seu despacho cando o vise aparecer pola comisaría.

Quedou sentado no escritorio, desoíndo o seu estómago, que protestaba ruidosamente polo atraso na hora da comida. Aproveitou para revisar algúns dos papeis que acumulaba sobre a mesa, facendo anotacións a lapis nas marxes, e devolvéndoos a un novo montón. Cada vez que deixaba un documento consultaba o reloxo e levantaba a mirada cara á porta. Nunhas ocasións preguntábase como estaría a desenvolverse o seu axudante no levantamento do afogado. Noutras, volvía pensar no seu pai e lamentaba aquela súbita despedida.

Ás tres menos cuarto, cando revisaba as declaracións das testemuñas do atraco a unha xoiería situada na rúa do Príncipe, a enorme silueta de Rafael Estévez escureceu o cristal da porta.

—Vaia mañá levamos, xefe —dixo o seu axudante ao entrar.

Caldas estaba famento. Ademais, prefería escoitar fóra da comisaría o que Estévez lle tiña que contar, a salvo de interrupcións. Coroou un montón de papeis cos testemuños do roubo e púxose de pé.

—Comiches? —quixo saber e, cando o outro dixo que non, engadiu—. Invítote.

—Grazas, pero dubido que poida probar bocado —respondeu Estévez—. Non imaxina como estaba ese tipo.

Antes de deixalo afondar nos detalles, Caldas recolleu o impermeable pendurado da percha, dobrouno sobre o seu antebrazo e virou o pomo da porta.

—Impórtache poñerme ao tanto mentres como algo? —pediulle—. Só tomei un café no almorzo e, como tardemos un pouco máis, non atopo quen me dea de comer.

—Hoxe non chove —dixo Estévez, sinalando a gabardina.

—Xa o sei —contestou o inspector, e saíu do despacho con paso apresurado.

Rafael Estévez seguiuno pola comisaría ata a rúa, onde o sol acababa de atopar un oco entre as nubes.

Cruzaron a Alameda pisando un manto de follas caídas e camiñaron fronte aos elegantes edificios de pedra da rúa do Areal. As galerías de forxa das fachadas, que asomaban desde había algunhas décadas aos colectores do porto de mercancías, aínda parecían preguntarse onde estarían escondidos a praia e o mar.

O bar Puerto aínda estaba ateigado de xente. Como cada mediodía, as súas mesas mesturaban gravatas, traxes de faena azuis e roupas grosas de mariñeiros. Caldas botoulle unha ollada aos pratos que se baleiraban nas mesas próximas.

—Mágoa que non teñas apetito —comentou.

—Saíalle escuma polo nariz… —recordou Estévez, e engurrou a cara con desagrado.

—Despois, Rafa —dixo o inspector. Xa tería tempo de escoitar os detalles máis macabros do asunto cando terminase o xantar.

Cristina achegouse a recoller unha botella de augardente na barra situada a uns pasos da entrada.

—Aínda hai unha mesa para nós? —preguntoulle o inspector, levantando a voz sobre o barullo das conversacións cruzadas.

—Sempre queda algo para unha estrela radiofónica —burlouse ela. Logo dirixiuse coa botella ao fondo do comedor para que dous estibadores, habituais á hora de comer como o inspector, aliñasen o café.

Cando regresou, sinalou dous ocos nas mesas compartidas.

—Preferides esta ou aquela?

Na máis próxima, tres homes de mar veteranos sentaban xunto a un mozo de traxe escuro que devoraba a partes iguais a sopa e un xornal deportivo. Na outra, estaban os estibadores aos que Cristina lles levara a augardente.

—A do fondo —escolleu Caldas—, e preferiría que non sentases a ninguén máis na nosa mesa cando se levanten eses dous.

—Non teñas medo, Leo. A estas horas non aparece por aquí máis que algún despistado.

Ao camiñar cara á mesa, pasaron xunto á cociña. Varias potas penduraban suxeitas por ganchos na parede de azulexo branco, como esperando a súa quenda para ferver nos fogóns. O metal esportelado revelaba que aquelas tarteiras foran utilizadas durante anos, mais relucían coma se estivesen limpadas con abrillantador.

Detivéronse ante o mostrador que separaba o comedor da cociña e o inspector agachouse para observar o expositor onde habitualmente se exhibían os mariscos. Estaba baleiro.

—Non busque. Os luns non hai nada —advertiulle unha das cociñeiras desde o outro lado do mostrador. Estaba a lavar unha das potas debaixo da billa antes de devolvela ao seu sitio na parede.

—Con que as limpan para que brillen tanto? —preguntou Rafael Estévez, sinalando o cacharro que fregaba a muller.

—Con esforzo, fillo —respondeu a cociñeira—. Se quere axudar… —engadiu, ofrecéndolle ao policía a pota cuberta de escuma.

Estévez declinou a invitación cun sorriso e seguiu a Caldas ata o fondo da sala. Intercambiou unha mirada cos estibadores cos que compartían mesa e sentou na cadeira situada fronte ao inspector.

Cristina achegoulles unha sopeira que puxo entre os dous. Ao destapala, un fume branco que desprendía aromas mariños derramouse sobre o mantel e fixo que Estévez se incorporase movendo as aletas do nariz.

A camareira volveu cunha xerra xeada de viño branco nunha man e, na outra, os pratos, vasos e cubertos en equilibrio.

—Rafael non necesita prato —dixo Caldas—. Non ten fame.

Estévez mirou a sopeira como o neno que busca no aire o globo que lle acaba de escapar da man.

—Déixollo por se acaso? —preguntou Cristina.

—Por se acaso —accedeu Estévez.

Caldas serviuse e, cando devolveu o cazo á sopeira, Estévez colleuno de inmediato.

—Crin que non ías probar bocado —observou o inspector.

—Un pouco de sopa non pode sentarlle mal a ninguén —respondeu o axudante enchendo o prato case ata o bordo.

Caldas soprou para arrefriar a primeira cullerada antes de levala á boca.

—Niso tes razón.

Rafael Estévez xa repetira sopa e contíñase para non servirse unha terceira vez cando Cristina acudiu para tomar nota do prato principal. Ofreceulles bacallau grellado ou chocos con arroz. Leo Caldas pediu os chocos.

—Vostede vai querer algo máis? —preguntou Cristina.

A sopa disipara o recordo da escuma que saía da boca do afogado e Estévez recobrara a súa voracidade habitual.

—Que me recomenda? —preguntou.

—Os choquiños están moi bos —dixo Cristina, e no momento engadiu: —E o bacallau tamén ten moito éxito.

Deixou as palabras no aire e Estévez mirouna agardando un veredicto. Logo duns segundos, ao ver que este non se producía, preguntou:

—Daquela?

—Son pratos distintos —limitouse a dicir a camareira.

—Iso xa o sei. Pero algún estará mellor —insistiu o aragonés.

—Os dous están moi ricos —contestou Cristina cun sorriso franco—. A vostede que lle gusta máis?

—Esquézao —cortouna o policía ao ver que non ía obter unha resposta—. Tráiame o mesmo que pediu el: os chocos eses…, e un pouco de ensalada.

Así que Cristina se perdeu no balbordo do comedor, protestou:

—Non sei para que collóns lle pregunto nada a esta xente.

Estévez reparou en que Caldas o miraba en silencio desde o outro lado da mesa.

—Perdoe, xefe —desculpouse—. Ás veces esquezo que vostede é un deles.

Cinguir. 1. Facer que unha peza de roupa ou outra cousa quede axustada. **2.** Pór unha cousa arredor doutra. **3.** Non ir máis alá do asunto ou cuestión de que se trata.

Ás catro da tarde, cando os chocos con arroz dos policías eran só manchas escuras no mantel, marcharon os últimos clientes do bar Puerto. Caldas acompañounos coa mirada mentres saían á rúa.

—Fálame do afogado —pediulle ao seu axudante, apañando unha culleriña e comezando a remover o café.

—Apareceu flotando na beira do mar, aínda que cando cheguei xa estaba tendido na area. Botaba escuma polo nariz e pola boca.

—Iso xa mo contaches.

—É que non o dou quitado da cabeza, inspector. Ademais, estaba xeado —explicou, apertando os dentes coma se un calafrío lle percorrese o corpo.

—Nunca viras un afogado? —sorprendeuse Caldas.

—En Zaragoza ás veces tiñamos que recoller do río algún suicida, pero eu nunca me acheguei demasiado. Xa sabe que non me gustan os mortos, inspector —respondeu o axudante, cun asomo de timidez.

—Tampouco ti lles gustas demasiado aos vivos —murmurou Caldas e, por segunda vez aquel día, veulle á cabeza a imaxe da farmacéutica afogada coa que tantas veces soñara de neno—. Veña, sigue. Puideches pescudar quen era?

—Chamábase Xusto Castelo. Era un mariñeiro de alí, de Panxón. Saíu ao mar no seu barco onte pola mañá e xa non o viron máis. Por certo, o barco tampouco apareceu.

—Que clase de barco era?

—Non sei…, un deses pequenos. O tipo pescaba só. Collía nécoras e camaróns coas caixas esas de malla que se deixan no fondo do mar. Non recordo como se chaman.

—Nasas —dixo Caldas.

—Iso: nasas. Vendía o marisco na lonxa de Panxón.

—Idade?

Estévez fixo un movemento ambiguo coa cabeza.

—Pouco máis de corenta. Teño os datos na comisaría. Solteiro, sen muller nin fillos. A nai vive na vila, coa irmá do morto e o seu home.

—Falaches con eles?

—Estiven coa irmá, aínda que non a interroguei, se é o que pregunta. Acababan de darlle a noticia. Non era o momento.

Caldas asentiu.

—Expliqueille que trasladaramos o cadáver do seu irmán a Vigo, para a autopsia —continuou o zaragozano—. P reguntoume cando poderían enterralo e díxenlle que trataríamos de devolverllo canto antes. Quedou en pasar esta tarde a recoñecelo.

A Caldas reconfortouno comprobar que o seu feroz axudante tamén era quen de comportarse con delicadeza se as circunstancias o requirían.

—Viches o cuñado do morto?

—Non. O cuñado está embarcado nun pesqueiro, nalgún lugar de África.

—E a nai?

—Tampouco. Está na casa, medio inválida. Non era día para ir de visita.

—Claro —conveu Caldas, e logo preguntou—: Por teléfono dixéchesme que tiña as mans atadas, non?

—Iso é. Amarradas polos pulsos cunha brida de plástico, como as que se utilizan para suxeitar cables e tubos. Son unhas tiras flexibles que nun dos extremos teñen un buraco polo que se pasa a outra punta, da que se tira para que quede axustada —explicou mentres separaba unha man da outra, coma se realmente estivese a cinguir unha brida—. Sabe como son? Apértanse dun tirón pero non se poden afrouxar sen romperse —dixo, repetindo o xesto unha vez máis.

Caldas asentiu sen deixar de remexer coa culleriña na cunca. Prefería acender un cigarro, pero no bar Puerto eran tan estritos co tabaco coma cos tempos de cocción do marisco, e tivo que conformarse con remover o café.

—E as pernas?

—Estaban dobradas cara atrás, cara ás costas. E tesas coma as dunha estatua.

—Pero tamén estaban atadas? —quixo saber o inspector.

—Non, só estaban atadas as mans.

—E o rostro?

—Desfeito. Inchado e cos ollos abertos de par en par, coma se vise unha pantasma —dixo, abrindo moito os seus—. Estaba todo mazado, e xa lle contei o da escuma… entón pechou as pálpebras con forza para tratar de borrar o seu recordo.

Leo Caldas sabía de que lle falaba. Nunha ocasión, semanas despois do naufraxio dun cargueiro, uns mari-

ñeiros atoparon o corpo sen vida dun dos tripulantes. Levaba días batendo contra as rochas e servindo de alimento a peixes e crustáceos, e os forenses tiveran que identificalo pola dentadura.

—Estaba vestido, non?

—Claro, xefe. Saíra pescar.

Do outro lado do mostrador, a cociñeira acabou de limpar a última pota. Tras secala escrupulosamente cun pano, pendurouna nun dos ganchos da parede.

—Non creo —dixo Caldas, mirando a muller.

—Como que non o cre? —revolveuse Estévez—. Pensa que non sei distinguir un tipo vestido dun que non o está?

—Non digas parvadas. Non creo que ese home saíse pescar —Caldas sinalou o estante baleiro na vitrina que separaba a cociña do comedor—. Se os luns non hai marisco é porque os domingos os mariñeiros non saen pescar.

—Pois a este vírono onte no seu barco a primeira hora. Xa me dirá a onde podía ir se non.

—Non o sei. Quen dis que o viu?

—Non llo dixen —respondeu o aragonés—. Alguén o comentou esta mañá.

—Confirmáchelo?

—Non.

—Xa —dixo Caldas. Terían tempo de verificar todos os detalles chegado o momento—. Sabes se tiña algún sinal no corpo?

—Algún sinal? Xa lle dixen que tiña a cara toda mazada…

—Á parte diso, Rafa. Apareceu algo máis ao exploralo?

Estévez dubidou.

—O corpo estaba cuberto de algas e non se vía ben… Pero eu diría que non. De todos os xeitos, o forense estivo a examinalo.

—O doutor Barrio? —preguntou Caldas, e Rafael Estévez moveu a cabeza de arriba abaixo.

—Ademais, os da UIDC filmaron todo —engadiu—. Xa sabe que agora non van a ningún sitio sen a cámara.

—Atoparon algo?

Estévez encolleu os ombreiros.

—Estiveron dando voltas pola praia, pero, se a ese tipo o trouxo o mar, dubido que atopasen rastro ningún.

—Xa —conveu Caldas—. Apareceu na praia de Panxón, non si?

—Si, pero non na grande senón noutra que hai detrás, entre o porto e o monte ese que ten un monumento no bico.

—Monteferro —apuntou Caldas.

Rafael Estévez asentiu.

—É unha praia máis pequena, coa beira chea de algas. Polo que oín, non é o primeiro afogado que aparece alí.

—Sabes quen o atopou?

—Un xubilado da vila, dos que saen pasear cada mañá. Viu o corpo entre as algas, desde a estrada, e chamou a policía municipal. Teño o seu nome na oficina.

—Falaches con el?

—Falei, claro. Con el e cos outros que atopei por alí. Pero non me contaron moito. Xa sabe que aquí…

—Xa, xa sei —cortouno Caldas.

—Pódeme facer un favor, inspector? —preguntou de súpeto Estévez.

—Claro.

—Importaríalle deixar de facer iso coa culleriña? Está a alterarme os nervios.

Ao instante cesaron os repeniques no bordo da cunca e o rubor acendeu lixeiramente as meixelas de Leo Caldas.

—Claro —volveu dicir, bebendo o café case frío dun grolo.

Logo deixou o importe dos dous menús sobre a mesa e púxose de pé. Estaba impaciente por visitar a Guzmán Barrio e coñecer de primeira man as impresións do forense. Acudiría así que rematase na radio.

Tropezar. 1. Chocar co pé contra un obstáculo. **2.** Atopar unha dificultade que non permita avanzar nunha traxectoria. **3.** Ter un desacordo ou estar en permanente desacordo con alguén. **4.** Atoparse cunha persoa ou cousa de xeito inesperado.

Cando saíron do bar Puerto, o outono dera por concluído o seu armisticio. Despois dunhas poucas horas sen auga, unha bóveda de nubes negras situárase sobre a cidade e comezaba a baleirarse de novo sobre ela.

Estévez camiñaba pegado á parede para protexerse da auga. A súa gabardina pendía dun colgadoiro na comisaría. Preguntábase en voz alta como podían os galegos entender que en poucas horas unha mañá primaveral se transformase en inverno, e botaba un xuramento cando algunha pinga se coaba entre as cornixas e facía branco na súa cabeza.

Ao seu lado, o inspector avanzaba en silencio, sen confesarlle que se limitaban a convivir co clima sen tratar de comprendelo.

Ao chegar ao portal do edificio da Alameda, Leo Caldas consultou o reloxo e acendeu un cigarro. Viu o seu axudante atravesar o parque á carreira, entre pozas e maldicións, en dirección á comisaría. El quedou fumando, contemplando como chovía de forma cada vez máis intensa. Cando apagou o cigarro, saudou o conserxe e subiu ao primeiro andar pola escaleira. Empurrou a porta da emisora, buscou o seu caderno no peto do impermea-

ble, e avanzou polo longo corredor ata o control de son, onde un dos técnicos verificaba a orde das chamadas con Rebeca, a encargada de produción.

—Entra, entra —dixo ela así que apareceu o inspector—, Santiago xa preguntou dúas veces por ti.

Leo Caldas viu a través do cristal o fachendoso de Santiago Losada sentado fronte ao micrófono e, cun suspiro de resignación, entrou no estudio. O locutor recibiuno coa súa cordialidade habitual:

—Sempre tarde —dixo, mentres lle indicaba coa man ao técnico que se preparase para dar comezo ao programa.

—Sempre —respondeu Caldas, tomando asento no lugar da mesa máis próximo á fiestra.

Deixou o teléfono móbil desconectado sobre a mesa, xunto ao caderno e virouse cara á Alameda, onde só un pequeno grupo de cruceiristas estranxeiros desafiaba o mal tempo. Avanzaban coas cabezas baixas embutidas nas carapuchas dos seus chuvasqueiros amarelos, dispostos a visitar os lugares sinalados nos seus planos da cidade antes de regresaren ao barco que os habería trasladar á seguinte escala.

Cando esa mañá lle insinuara ao seu pai a posibilidade de xubilarse e este se revolvera preguntándolle que outra cousa podería facer se abandonaba as viñas, estivera a piques de aconsellarlle que aproveitase os anos que lle quedaban para viaxar e coñecer mundo. Agora, vendo aqueles turistas deambulando baixo a choiva dunha cidade estraña, Leo Caldas alegrouse de non suxerirllo.

—Empezamos —anunciou secamente Losada, e o inspector abriu o caderno e colocou os auriculares preguntándose se os do locutor serían tan molestos coma os seus. Un día tería que cambiarllos e comprobalo.

Como en cada programa, sucedéronse as chamadas referidas ao ámbito da policía municipal: fochas abertas pola choiva, pasos de peóns convertidos polo auga en pistas de patinaxe, condutores que se deran á fuga tras chocar con vehículos estacionados... Caldas limitábase a escoitar e recoller os detalles no seu caderno, sen explicarse como podía ter éxito un consultorio radiofónico no que apenas ofrecían solucións aos problemas dos oíntes.

Tras a sétima chamada, actualizou o marcador no caderno: "Municipais sete, Leo cero".

A sintonía de *Patrulla nas ondas* acompañounos ata que Rebeca, ao outro lado do cristal, ergueu un papel rotulado co nome do oitavo oínte da tarde.

—Boas tardes, Xosé María —saudouno Santiago Losada.

—Boas tardes. Eu xa falara con vostedes noutra ocasión —anunciou o oínte.

—Pode refrescarnos a memoria? —apremouno o locutor—. Recibimos centos de chamadas no programa. Non podemos recordalas todas.

"Tes máis vaidade que oíntes" dixo Caldas para si, conténdose para non insultar a Santiago Losada en antena. Desexou que fose o oínte quen o fixese, mais a voz deste soou como apoucada ao outro lado da liña telefónica:

—Era polos controis de policía —dixo—. Páranme con frecuencia. E iso que só utilizo o coche as fins de semana.

Caldas identificou o oínte. Chamara ao programa había pouco tempo para denunciar que os gardas do seu

barrio o obrigaban a saír do automóbil a cada paso para sometelo á proba de alcoholemia.

—Lembro a súa intervención, Xosé María —dixo, para evitarlle unha nova explicación—. Fixéronlle soprar outra vez?

—O último sábado, tres veces.

—Tres?

—Si, inspector, tres veces. Unha pola mañá e dúas pola tarde.

—Vaia.

—O domingo vin o garda desde a fiestra e xa decidín non coller o coche…, por se acaso. E, aínda por riba, cando pasei camiñando pola beirarrúa, non me quitaba o ollo de enriba. Ata pensei que me ía facer soprar.

—Dígame unha cousa, é sempre o mesmo axente?

—Este sábado, si. Pero a semana pasada paroume outro.

—E cal foi o resultado?

—O resultado?

—Das probas —aclarou Caldas—. Deu positivo?

—Negativo, inspector.

—Todas as veces?

—Todas. Case non bebo.

Polo ton da voz, decatouse de que o oínte estaba máis perplexo ca indignado pola actitude dos gardas. Leo Caldas tamén.

—Que podo facer, inspector?

Mentres trataba de ofrecerlle unha saída ao oínte, Caldas viu como Santiago Losada lle facía unha indicación ao técnico de son. Nos seus auriculares comezou a soar unha melodía de fondo que semellaba máis adecuada para uns debuxos animados que para un consul-

torio policial. Aquela música despistouno, e tivo que volver mirar o letreiro co nome do oínte antes de dirixirse a el.

—Imos facer unha cousa, Xosé María —propuxo—. Vostede achéguese á emisora o xoves e ao rematar o programa imos xuntos falar co xefe da policía municipal. A ver se el consegue convencer os gardas de que non o paren tanto. Parécelle ben?

O oínte despediuse e Caldas anotou no seu caderno: "Municipais oito, Leo cero".

Dúas chamadas máis tarde concluíu *Patrulla nas ondas*. Leo Caldas liberouse da opresión dos auriculares mentres Santiago Losada aínda afectaba a voz convocando a audiencia para o programa seguinte.

Cando a luz vermella do estudio se apagou, Caldas preguntoulle:

—Que raios era esa música?

—Cal?

—A que pediches cando ía contestar ao tipo dos controis de alcoholemia e aos que chamaron despois.

—Ah! —sorriu o locutor—. Ocorréuseme poñer unha sintonía para os momentos en que estás a pensar.

—Como?

—Para amenizarlle a espera á audiencia. É só mentres pensas —repetiu, convencido da idoneidade daquela melodía.

Caldas estaba abraiado. Se non lle paraba os pés a aquel tarambaina, o seguinte paso sería celebrar cada unha das súas respostas con toques de corneta.

—E non se che ocorreu que pode servir precisamente para o contrario? Que é posible que unha musiquiña

coma esa me distraia cando teño que reflexionar? —dixo Leo Caldas—. Ademais, que é iso de mentres penso? Que carallo cres que fago o resto do tempo?

—Mira, Leo, se te vas poñer así quedas sen melodía e fóra.

Caldas abandonou o estudio e, mentres se asomaba ao control de son para despedirse de Rebeca e do técnico, acendeu o teléfono. Inmediatamente soou un pitido que o advertiu de dúas chamadas perdidas. A primeira era de Guzmán Barrio. O forense quedara en telefonalo así que rematase a autopsia do afogado. A outra era do seu pai.

—Ata o xoves —dixo Rebeca, movendo velozmente todos os dedos da súa man dereita.

Marear. 1. Sentir ou producir atordamento e náuseas. **2.** Cansar a outro ou a un mesmo por dar moitas voltas para resolver un asunto, por atender moitas cousas á vez, etc. **3.** Dirixir embarcacións.

Seguía a chover a cachón cando Leo Caldas regresou á comisaría. Pediulle ao seu axudante que o achegase ao edificio do concello, e Estévez esperou co motor en marcha mentres o inspector deixaba na policía municipal o rosario de queixas recollidas durante o programa de radio. Despois foron ver o forense á UIDC.

—Mira se está aí —ordenou Caldas, á vez que botaba unha nova ollada ao teléfono móbil.

Rafael Estévez abriu bruscamente unha porta, volveuse cara ao corredor e gritou:

—Si, xefe, aquí está.

—Carallo, Estévez —sobresaltouse Guzmán Barrio, que recuperaba horas de sono recostado nun sofá—. Sempre abre así as portas?

—Non, as máis das veces bótaas abaixo dunha patada —contestou Caldas, asomando a cabeza detrás do seu axudante—. Tiña unha chamada túa.

—É polo do home que apareceu esta mañá en Panxón —explicou o médico—. Estás ao tanto?

Caldas díxolle que si con outra pregunta:

—Acabaches co exame?

O forense levantouse do sofá, estricouse con disimulo e saíu ao corredor.